



Morreu o Anxelo,
morreu o Anxelo;
¡vaia por Dios!
Deixou un neno,
deixou un neno
com'on reló.

- Armáronlle a canción así. Claro, él casarase e casou con outra e deixara unha moza con un fillo. E entón saleu a canción e decía:

Morreu o Anxelo,
morreu o Anxelo;
¡vaia por Dios!
Deixou un neno,
deixou un neno
com'on reló.

/: Para vir a xunta min :/

/: vai lava-la cara :/

ghalopín.

Éracho, éracho, éracho,
éracho, éracho, éracho, é... ;
érach'un home pequeno
cerrado de barba, bighote tamén.

/: Para vir a xunta min :/

/: vai lava-la cara :/

ghalopín.

Unha vella dixo a outra
polo burato da porta;
“Ti ghobern'a túa vida,
qu'a miña nada ch'importa”.

/: Para vir a xunta min :/

/: vai lava-la cara :/

ghalopín.



Morreu o Anxelo,
morreu o Anxelo;
¡vaia por Dios!
Deixou un neno,
deixou un neno
com'on reló.

/: ¡Ehí vai, ehí vai,
ehí vai, carallo, ehí vai!
¡Unha noite coa filla
e outra coa nai! :/

¡Ehí vai, ehí vai,
ehí vai, carallo, ehí vai!
Se non recoll'a filla
hao recolle-la nai.

¡Ai, Maruxiña, non vaías á herba,
que vén o aire e toda cha leva!
¡E toda cha leva e lévacha toda!
¡Ai, Maruxiña, non seas tola!